

## ► Afrontando o Gran Sol

Iddr Boukarkour  
(Idre Bucacur)



### SAÍDA E RUTA

Antes de sair para o mar, hai que armar os aparellos no barco, colocarle bolos, cadeas, etc. Estes aparellos teñen que estibarse no seu sitio, a ambos lados do barco e dous no carretel de rede, que son cos que se vai traballar. Tamén hai que gardar as caixas nas que se almacenará o peixe e hai que preparar os casilleiros da bodega para o peixe...

A ruta aos caladeiros do Gran sol, dependendo do tempo e a velocidade do barco, adoita durar 40 ou 48 horas. Pola noite cada dúas horas un mariñeiro fai garda co patrón.

A tripulación do barco consta de:

- 1 patrón de pesca
- 1 patrón de costa
- 1 xefe de máquinas
- 2º maquinista
- 1 cocíñeiro
- 1 contramestre
- 5 mariñeiros

### OTRABALLO

Ao chegar aproximadamente aos 48° 40'N e 10° 11'W largamos o aparello. Este barco é un arrastreiro, polo que durante certo tempo vaise arrastrando dito aparello. Como estamos en fondos de 300 brazas (1 braza=1'8 metros) hai que largar 1.200 metros de cable para que chegue o aparello ao fondo.

O lance adoita durar unhas 3 ou 4 horas, dependendo do tempo atmosférico e da zona onde estás traballando.

### CALADEIRO DO GRAN SOL

<b>Vla</b>	<b>Oeste de Escocia</b>	<b>237.171</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlb</b>	<b>Rockall</b>	<b>221.751</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vllb</b>	<b>Oeste Irlanda</b>	<b>35.796</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlic</b>	<b>Banco de Porcupine</b>	<b>88.621</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlle</b>	<b>Oeste canal inglés / Mancha Occidental</b>	<b>56.404</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlf</b>	<b>Canal de Bristol</b>	<b>18.986</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlg</b>	<b>Norte mar Céltico / Sureste Irlanda</b>	<b>47.629</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlh</b>	<b>Sur mar Céltico / Pequeño Sol</b>	<b>57.080</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlij</b>	<b>Sudoeste de Irlanda - este / Gran Sol</b>	<b>99.432</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>
<b>Vlik</b>	<b>Sudoeste de Irlanda - oeste / Oeste de Gran Sol</b>	<b>214.151</b>	<b>Km<sup>2</sup></b>





Traballamos as 24 horas do día. A manobra de izado e largado de aparello dura aproximadamente media hora. Cando chega o aparello a bordo ábrese o saco e baléirase nun compartimento que está na popa e que se chama pantano. O peixe pasa por unha cinta transportadora e vaise seleccionando cada especie nun recipiente. As vasoiras, pedras, anacos de redes, caixas, ... e as especies que non valen, van de volta ao mar.

## CARACTERÍSTICAS DO BARCO

- 33 metros de eslora  
7'7 metros de manga  
900 c.v. motor principal  
1 túnel de conxelación  
1 máquina de facer neve  
1 comedor  
1 camarote do cociñeiro  
4 camarotes de oficiais  
2 camarotes de mariñeiros  
3 cuartos de baño

Unha vez feito isto hai que desviscerar o peixe (cochalo, quitarlle as tripas), basicamente galos, rape, pescada, martiño, maruca, bacallao... Hai que lavalo ben, un por un, e unha vez limpo empácase en caixas xunto co xeo e lévase ás adegas. Estas están divididas en compartimentos chamados casilleiros. Primeiro bótase neve (xeo) no fondo da adega e vanse apilando as caixas sempre con neve por riba delas antes de colocar outra.

O galo vai en caixas pequenas de 15 kilos, a pesada, o rape e o bacallao en caixas de 30 kilos. Tamén se conxela o polbo, a pota e o calamar empacados en bandexas. Hai que poñelo no túnel de frío durante 6 horas para que se conxele e logo gardalo nas neveiras de conxelado.

Rematadas estas tarefas hai que sacar o aparello do carretel e reparalo, se está roto. Estas operacións debemos facelas rápido para que nos dea tempo a comer ou descansar un pouco, pois o barco traballa día e noite e cada 3 ou 4 horas hai que izar o aparello a bordo. Hai pouco tempo libre, estamos moitas horas seguidas traballando. Normalmente as horas de comer son: as 12'00 do mediodía e as 19'00 do serán, dependendo de se estamos traballando ou non.

Se o mar está calmo trabállase ben, pero cando hai mal tempo, todo é moi difícil. Con mar de fondo hai moito balance no barco e hai que ter moito coidado de non caer, ademais de que se moven as caixas e é moi difícil manterse en pé. Normalmente a maré dura 14 ou 15 días, dos cales 11 ou 12 son días de traballo de pesca. Cando volvemos para terra hai que limpar o barco, a cuberta, o parque de pesca, os camarotes, os cuartos de baño, o comedor e a ponte. Hai que medir o cable e desarmar os aparellos para mandalos a reparar en terra.

Como xa dixen: non hai tempo para descansar. Polas noites debemos facer dúas horas de garda na ponte do barco.

